

Bo día! Xa estamos en Maio! Aló vai abril, coma dirían os nosos maiores.

Antes de nada dicirvos que as profes estamos encantadas coa maioría dos traballos que nos estades a enviar. Podedes ver que o blog está moi activo e que cada día temos preparada unha sorpresa para comezar a xornada. Hoxe temos greguerías de Marga.

A vindeira semana vai ser tamén curta. Xa lles comunicamos ás vosas familias que o luns non temos cole por ser un dos días non lectivos para os centros educativos de Culleredo así que as tarefas que vos temos preparadas están programadas para eses catro días.

**Lingua castelá.** Dous exercicios prácticos e unha ficha sobre *Las aventuras de la mano negra*. Seguide lendo (*El tesoro en el lago de los castores*, páxinas 40 a 71). **As actividades propostas na ficha do libro son as tarefas que enviaredes ás titoras para a súa corrección**. Son actividades globalizadoras e interdisciplinares, abranguen as áreas lingüística, artística e a educación en valores sociais e cívicos. Coidade moito a presentación!

**Lingua galega.** Exercicios prácticos de repaso, "un pouco de todo".

**Matemáticas.** Seguimos con problemas, repasando e afianzando contidos traballados .

**Educación musical.** Marga recórdavos as tarefas que vos encargou desde o principio do confinamento e que están colgadas e actualizadas semanalmente no seu blog <https://arcadamarga.blogspot.com> .

\* CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTO CON MATERIAIS DE REFUGALLO

\* HIXIENE E PREVENCIÓN NO TEMPO VIRADO

\* MATERIAIS PARA UN TEMPO VIRADO: Calidades do son

\* RESISTIRÉ, himno do TEMPO VIRADO

\*POLIRRÍTMIAS DO TEMPO VIRADO

\* PASODOBRE DO TEMPO VIRADO

\*CORRIDINHO E TARANTELLA

**Inglés.** Mónica segue a facervos algún encarguiño a través do enlace **Inglés** da web.

**Coma xa temos establecido, lembrade:** O venres 8 corrixiredes as vosas actividades a través do noso blog e teredes as novas para a semana seguinte.

**Desfrutade desta longa fin de semana!!** Biquiños para todas e todos.